

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 7977** *Real decreto lei 13/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba unha oferta de emprego público extraordinaria e adicional para o reforzo da loita contra a fraude fiscal, na Seguridade Social, no ámbito laboral e do control do gasto, para a mellora na prestación de determinados servizos aos cidadáns, e polo que se crean especialidades en corpos e escalas da Administración do Estado e dos seus organismos públicos.*

I

A Constitución obriga todas as administracións públicas a adecuar as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria. Garantir este principio é fundamental para xerar confianza na economía española, consolidar o crecemento económico e xerar emprego.

Nun contorno orzamentario máis favorable para potenciar a reposición de efectivos da Administración pública, é prioritario reforzar a incorporación de recursos humanos destinados á loita contra a fraude e para realizar as actuacións de inspección e control necesarias neste ámbito.

A estabilidade orzamentaria e financeira require dunha eficiente planificación dos recursos públicos e a súa asignación ao cumprimento dos intereses xerais.

Neste sentido, considérase urxente favorecer a política de redución tanto da fraude fiscal, como da laboral e na Seguridade Social, así como dunha política de maior eficacia na recadación de ingresos públicos. Trátase, en definitiva, de contribuír á mellora na eficiencia da prestación dos servizos públicos e satisfacer con maior calidade os intereses xerais. Para iso é especialmente necesario garantir o adecuado cumprimento do réxime xurídico dos ingresos públicos e, como consecuencia, a redución da fraude fiscal.

Na consecución destas políticas tamén resulta necesario reforzar con urxencia a atención e prestación de determinados servizos aos cidadáns con máis medios persoais, en especial os referentes á expedición do documento nacional de identidade e ás probas conducentes á obtención de permisos de condución.

Todo iso xustifica a incorporación dun total de 4.282 prazas adicionais neste real decreto lei. Delas, 3.832 prazas son de quenda libre, das cales 2.026 reforzarán a taxa de reposición prevista no artigo 19.Un.2. E), P) e S) da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, nos sectores que se recollen neste real decreto lei e, concretamente, nos corpos e escalas que teñen como encomenda estas importantes funcións. A elas engádense 450 prazas de promoción interna. Pola súa parte, as 1.806 prazas restantes prevense para o ano 2018 polos motivos que se detallan a continuación, aínda que se computarán na taxa de reposición do dito exercicio.

Efectivamente, estas políticas públicas requiren dun marco de planificación estable que se estende máis aló da anualidade orzamentaria. Precisamente unha das necesidades máis urxentes e extraordinarias que satisfai esta norma é a de establecer un marco bienal de planificación que permita reforzar o efecto disuasorio en relación coa fraude. E tamén é urxente dotar de estabilidade e certeza o ingreso de novos efectivos nestes sectores, nunha perspectiva de xubilación significativa dos seus actuais cadros de persoal a medio prazo. De aí que, como instrumento para a dita planificación, este real decreto lei, dentro das posibilidades que ofrece o marco estatutario da función pública, prevé que a execución se leve a efecto no menor prazo temporal, dada a extraordinaria e urxente necesidade de que se produza a incorporación deste persoal aos sectores de actividade que recolle, coa maior celeridade posible. Por todo iso, tamén se autoriza a convocatoria durante 2017 das prazas previstas para o exercicio 2018.

Por outra parte, este real decreto lei inclúe a autorización para convocar as correspondentes prazas para persoas con discapacidade xeral, equivalentes ao cinco por

cento das prazas cuxa convocatoria se autoriza. As prazas correspondentes á reserva que se destina a persoas con discapacidade intelectual, equivalentes ao dous por cento das recollidas neste real decreto lei, convocaranse con ocasión da oferta de emprego público ordinaria.

## II

O papel que desempeña o Ministerio de Emprego e Seguridade Social na loita contra a fraude, na súa vertente laboral e de Seguridade Social, é peza imprescindible no conxunto da actividade que desprega o Estado neste campo.

Para iso conta con ámbitos moi definidos de actuación. A Inspección de Traballo e Seguridade Social, que vela polo correcto cumprimento da normativa laboral e ao que a Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, dota coa creación do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social como organismo autónomo con personalidade xurídica e dentro do cal se crea a Oficina Nacional de Loita contra a Fraude.

Pola súa parte, o Sistema da Seguridade Social realiza as súas actuacións a través da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con competencias en materia de afiliación e recadación, e do Instituto Nacional da Seguridade Social, responsable do conxunto de prestacións do sistema. Dentro do sistema encóntrase o Servizo Público de Emprego Estatal, órgano xestor das prestacións por desemprego.

Neste sentido engádese á oferta de emprego público para o exercicio 2017 unha oferta extraordinaria para dotar adecuadamente este conxunto de organismos, que, como se expuxo, son clave na loita contra a fraude laboral e da Seguridade Social, dada a prioridade que iso supón e ante o progresivo avellentamento e o aumento da xubilación dos actuais cadros de persoal.

Todo iso require ademais unha actuación urxente mediante un plan de choque a curto prazo que se poida dotar dos medios humanos necesarios para contribuír a unha maior eficiencia nos recursos e a unha maior eficacia nos resultados.

Por todo iso, é necesario dispoñer coa maior brevidade posible dos medios persoais que, oportunamente dotados, permitan seguir avanzando na loita contra a fraude e, polo tanto, conseguir que os recursos públicos se destinen alí onde son necesarios.

Por último, o artigo 5 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, regula o ingreso nos corpos nacionais do persoal con funcións inspectoras, establecendo que as convocatorias derivadas da oferta de emprego público, que será efectuada polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, conterán as prazas que para cada corpo ou escala sexan autorizadas polo Consello de Ministros no real decreto polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración xeral do Estado e as que propoñan as comunidades autónomas que recibisen a transferencia orgánica de persoal inspector e subinspector. As convocatorias das prazas dos citados corpos que se recollen neste real decreto lei axustaranse ao disposto no dito precepto.

O reforzo dos servizos de prestacións aos demandantes de emprego e de atención a estes, así como do seguimento e control dos diferentes instrumentos prestacionais, aconsellan, por unha parte, unha convocatoria de prazas adicionais a aquelas que prevé a oferta de emprego público para 2017, para o corpo xeral de xestión da Administración civil do Estado e, por outra, unha reorganización imperativa da especialización dos funcionarios que realizan as ditas funcións. Deste modo, este real decreto lei crea, dentro da escala técnica de xestión de organismos autónomos do subgrupo de clasificación A1, unha nova especialidade de emprego.

## III

O control da execución do gasto público da Administración do Estado, que se debe intensificar no cumprimento das obrigacións contraídas por España ante a Comisión Europea, exige o reforzo das prazas dos corpos que teñen asignadas estas funcións,

particularmente nos labores de fiscalización e control que exerce a Intervención Xeral da Administración do Estado.

Por outra parte, o dereito dos cidadáns a obter a identificación prevista pola lexislación sobre seguridade cidadá debe prestarse coas maiores garantías de eficacia. Na conxuntura actual adoptáronse diversas medidas organizativas, tecnolóxicas e de equipamentos para reducir o tempo de espera para a cita, axilizar a liquidación de pagamento de taxas, reforzar os labores de asignación telemática de citas a través do portal 060, planificar a máis longo prazo mediante a extensión do período de renovación do documento nacional de identidade aos seis meses previos á súa caducidade e a reasignación de efectivos cara a oficinas de DNI máis necesitadas. Estas medidas requiren completarse urxentemente co reforzo dos cadros de persoal actuais das oficinas de expedición do documento nacional de identidade e dos pasaportes da Dirección Xeral da Policía, para atender adecuadamente a tramitación máis áxil desta documentación.

As prazas que van cubrir esta necesidade urxente son adicionais ás que se convocarán para o corpo xeral auxiliar da Administración do Estado mediante a oferta de emprego público para 2017.

#### IV

Pola súa parte, as probas de obtención de permisos de condución víronse sometidas a un considerable aumento da demanda nos servizos da Dirección Xeral de Tráfico encargados destas. Por iso, o dito organismo autónomo necesita reorganizar con carácter inaprazable o seu actual cadro de persoal mediante a creación da especialidade de tráfico no corpo xeral administrativo da Administración do Estado do subgrupo de clasificación C1.

Acompañando estas reorganizacións con novas especialidades, este real decreto lei aproba a oferta das correspondentes prazas para a incorporación inmediata do persoal ás ditas especialidades, o que ha de supor unha rápida mellora nas prestacións destes servizos aos cidadáns.

#### V

Este real decreto lei cumpre cos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Deste modo, a norma persegue un interese xeral ao permitir asegurar o correcto funcionamento de sectores de actividade pública esenciais como son a Administración tributaria, o sistema da Seguridade Social, as prestacións no ámbito do emprego, a Inspección de Traballo e de Seguridade Social, a expedición da documentación para a identificación cidadá, a realización de probas para a obtención de permisos de condución e o control da actividade administrativa en materia de gasto da Administración do Estado. A norma non comporta a restrición de dereitos dos particulares, establece as medidas imprescindibles para cumprir o seu obxectivo, non xera novas cargas administrativas e quedan xustificadas suficientemente os obxectivos que persegue.

#### VI

Como sinalou en diversas ocasións o Tribunal Constitucional, corresponde ao Goberno apreciar cal é o momento ou a conxuntura económica máis apropiada para adoptar medidas de política económica xeral, podendo adoptarse estas, cando así sexa preciso, mediante a aprobación de disposicións lexislativas provisionais e de eficacia inmediata como as contidas nun real decreto lei.

Todos os argumentos expostos xustifican de maneira adecuada e suficiente a urxente e extraordinaria necesidade da adopción do presente real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, do ministro do Interior e da

ministra de Emprego e Seguridade Social, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de xullo de 2017,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Reforzo do emprego público na loita contra a fraude fiscal.*

Co fin de mellorar o emprego público no ámbito da Administración tributaria, en materia de reforzo da loita contra a fraude fiscal, autorízase a convocatoria nos corpos de funcionarios do ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de 2.150 prazas de acceso por quenda libre, das que 1.075 corresponden ao exercicio 2017 e 1.075 ao exercicio 2018:

		2017			2018		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
0011	Superior de inspectores de facenda do Estado . . . . .	85	5	90	85	5	90
0007I	Superior de vixilancia aduaneira, esp. de investigación. .	7	0	7	7	0	7
0007J	Superior de vixilancia aduaneira, esp. de navegación. . .	5	0	5	5	0	5
0007K	Superior de vixilancia aduaneira, esp. de propulsión. . . .	5	0	5	5	0	5
0009L	Executivo do S.V.A., especialidade de comunicacións . .	7	0	7	7	0	7
0009I	Executivo do S.V.A., especialidade de investigación . . . .	18	0	18	18	0	18
0009J	Executivo do S.V.A., especialidade de navegación . . . . .	15	0	15	15	0	15
0009K	Executivo do S.V.A., especialidade de propulsión . . . . .	15	0	15	15	0	15
0014	Técnico de facenda . . . . .	340	18	358	340	18	358
0010I	Axentes do S.V.A., especialidade investigación. . . . .	60	0	60	60	0	60
0010J	Axentes do S.V.A., especialidade marítima . . . . .	95	0	95	95	0	95
1135T	Xeral administrativo Admón. Est., esp. axentes facenda pública. . . . .	375	25	400	375	25	400

A Axencia Estatal de Administración Tributaria deseñará novos instrumentos de ordenación de recursos humanos co obxectivo de incrementar a súa capacidade operativa e funcional, potenciando con iso a loita contra a fraude fiscal.

Artigo 2. *Reforzo do emprego público na loita contra a fraude nos ámbitos laboral e da Seguridade Social.*

Co fin de mellorar o emprego público no ámbito laboral e da Seguridade Social, en materia de reforzo da loita contra a fraude nos ditos ámbitos, autorízase a convocatoria de 884 prazas de acceso por quenda libre, das que 442 corresponden ao exercicio 2017 e 442 ao exercicio 2018:

		2017			2018		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
1502	Superior de inspectores de traballo e seguridade social. . . .	43	2	45	43	2	45
1503	Subinspectores laborais - escala de emprego e seguridade social. . . . .	52	3	55	52	3	55
1504	Subinspectores laborais - escala de seguridade e saúde laboral. . . . .	57	3	60	57	3	60
1604	Superior de técnicos da Administración da Seguridade Social . . . . .	95	5	100	95	5	100

		2017			2018		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
6449	Médicos-inspectores C. inspección sanitaria da Administración da Seguridade Social . . . . .	30	2	32	30	2	32
1610	Xestión da Administración da Seguridade Social . . . . .	142	8	150	142	8	150

**Artigo 3. Reforzo do emprego público no control do gasto público.**

Co fin de mellorar o emprego público no ámbito da Intervención Xeral da Administración do Estado, en materia de reforzo do control do gasto público, autorízase a convocatoria de 178 prazas de acceso por quenda libre, das que 89 corresponden ao exercicio 2017 e 89 ao exercicio 2018:

Quenda libre		2017			2018		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
0012	Superior de interventores e auditores do Estado . . . . .	24	1	25	24	1	25
0015	Técnico de auditoría e contabilidade . . . . .	61	3	64	61	3	64

**Artigo 4. Reforzo do emprego público nos servizos de expedición de documentación e identificación persoal.**

Co fin de mellorar o emprego público no ámbito da Dirección Xeral de Policía, para prestar servizos no ámbito das oficinas de expedición do documento nacional de identidade, autorízase a convocatoria de 150 prazas correspondentes ao exercicio 2017, que figuran a continuación:

Quenda libre		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
1146	Xeral auxiliar da Administración do Estado (oficinas DNI) . . . . .	142	8	150

**Artigo 5. Reforzo do emprego público nas oficinas de prestacións e atención a demandantes de emprego.**

Co fin de mellorar o emprego público no ámbito do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) (O.A.), para prestar servizos nas oficinas de prestacións, así como do Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) (O.A.), autorízase a convocatoria de 360 prazas de acceso por quenda libre, das que 180 corresponden ao exercicio 2017 e 180 ao exercicio 2018:

Quenda libre		2017			2018		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
1122	Xestión da Administración civil do Estado (ámbitos SEPE e Fogasa) . . . . .	171	9	180	171	9	180

Artigo 6. *Creación da especialidade de emprego na escala técnica de xestión de organismos autónomos e a súa oferta de emprego público.*

1. Créase a especialidade de emprego na escala técnica de xestión de organismos autónomos. A dita especialidade queda adscrita ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

2. Os funcionarios da especialidade de emprego da escala técnica de xestión de organismos autónomos estarán incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado.

3. O ámbito de actuación funcional dos integrantes da nova especialidade será o correspondente ao Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) (O.A.) e ao Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) (O.A.). Non obstante, os funcionarios desta especialidade poderán desempeñar de forma excepcional outros postos de traballo nos termos en que así o estableza a correspondente relación de postos de traballo.

4. Autorízase a convocatoria de 40 prazas en quenda libre para os exercicios de 2017 e 2018 e de 15 prazas de promoción interna para o exercicio 2017, da nova especialidade que figura a continuación:

	Quenda libre	2017			2018		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
6000E	Técnica de xestión de organismos autónomos (esp. emprego).....	19	1	20	19	1	20

	Promoción interna	2017		
		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
6000E	Técnica de xestión de organismos autónomos (Esp. emprego).....	15	0	15

Artigo 7. *Creación da especialidade de tráfico no corpo xeral administrativo da Administración do Estado e a súa oferta de emprego público.*

1. Créase a especialidade de tráfico no corpo xeral administrativo da Administración do Estado. A dita especialidade queda adscrita ao Ministerio do Interior.

2. O ámbito de actuación funcional dos integrantes da nova especialidade será o correspondente á Dirección Xeral de Tráfico, incluídas as funcións de xestión do propio organismo autónomo e a celebración de exames para a obtención de permisos de condución. Non obstante, os funcionarios desta especialidade poderán desempeñar de forma excepcional outros postos de traballo nos termos en que así o estableza a correspondente relación de postos de traballo.

3. Autorízase a convocatoria de 505 prazas de quenda libre e de promoción interna da nova especialidade correspondentes ao exercicio 2017, que figuran a continuación:

	Quenda libre	Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
1135T	Xeral administrativo Admón. Est., esp. tráfico .....	65	5	70

Promoción interna		Cota xeral	Cota discapacidade xeral	Total prazas
1135T	Xeral administrativo Admón. Est., esp. tráfico . . . . .	413	22	435

Disposición adicional primeira. *Criterios de reposición de efectivos.*

1. As prazas correspondentes ao exercicio de 2017 previstas neste real decreto lei son adicionais ás que se refire o artigo 19.Un.2.E), P) e S) da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 e que se prevén na oferta de emprego público para o ano 2017.

2. As prazas correspondentes ao exercicio de 2018 computaranse na taxa de reposición da Administración xeral do Estado que prevexa a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional segunda. *Normas polas que se desenvolverán os procesos selectivos deste real decreto lei.*

Os procesos selectivos que se convoquen en 2017 para a cobertura das prazas autorizadas para os exercicios 2017 e 2018, en virtude deste real decreto lei, efectuaranse conforme as previsións do real decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2017.

Ás convocatorias que se efectúen en 2018 aplicaráselles as previsións do real decreto da oferta de emprego público vixente no momento en que se aproben.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xullo de 2017.

FELIPE R.

A presidenta do Goberno en funcións,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN